

A poesía nos anos 2002 e 2003. Sobre crises, autoras e unha certa tendencia á institucionalización

Helena González Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [2003]). “A poesía nos anos 2002 e 2003. Sobre crises, autoras e unha certa tendencia á institucionalización”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 115-122. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/897>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2003). “A poesía nos anos 2002 e 2003. Sobre crises, autoras e unha certa tendencia á institucionalización”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 115-122.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A poesía nos anos 2002 e 2003 Sobre crises, autoras e unha certa tendencia á institucionalización


HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

No ano 2002, o desastre do *Prestige* condicionou e alterou toda a actividade cultural de Galiza, e a poesía non foi menos. En 2003 falecía Xela Arias, inesperadamente, xusto despois de publicar o seu último poemario. Foron dous anos de grande actividade pública vencellada ás mobilizacións contra a marea negra, e tamén de importantes cambios no mundo editorial (a crise, novas estratexias, novas coleccións...).

Crise e institucionalización (eles)

O ano 2002 foi un ano de cambios importantes e certo estancamento na publicación de poesía. 'Ablativo Absoluto', a proposta poética de Xerais que xurdira por iniciativa de Fran Alonso, pechaba a súa andaina de vinte e seis títulos e facíao con dous autores que se deran a coñecer nesa mesma colección: Claudio Pato, co seu segundo libro, *Unha vida de traballo nos bosques do cânabo*, e mais a escolma e tradución de textos cantados por mulleires, *Damas negras*, preparada por María do Cebreiro. A desaparición desa colección non significou, así e todo, que a editora deixase de publicar poesía, e en 2003 ábrese unha nova colección de vontade xeneralista, 'Poesía', que se abriu con dous libros de mulleres. O primeiro deles, *Desmentindo a primavera*, de Marilar Aleixandre, ocúpase da memoria dunha casa, dos seus habitantes, das historias cotiás que alí se viviron, ou se deberon vivir. Por suposto, na medida en que é un achegamento á historia dun espazo perfectamente localizado en Galiza, convida a unha lectura nacional, aínda que Aleixandre terma con coidado do lirismo e da mesura. O segundo libro, un dos máis rupturistas formalmente destes anos, é *(Cito)*, de Emma Couceiro, que desde o seu primeiro libro demostra ter unha poética de seu, poderosamente introspectiva; a súa traxectoria poética podería resumirse como unha rodeira desde a figuración deica a linguaxe e a estrutura, sen saír da mirada cara adentro. *(Cito)*, un libro que algunhas cualifican de hermético e outras de abstracto, é a constatación de que a linguaxe e o texto conforman a trama sobre a que é posible unha poesía arriscada e narrativa. E varios libros de experimentación houbo estes anos, e moitos máis de poesía narrativa.

De por parte, Espiral Maior pasou por un certo estancamento. O editor, Miguel-Anxo Fernán Vello,



anunciaba publicamente a mediados de 2003 que podería verse obrigado a pechar, e mentres, a editora de poesía que mantiña un ritmo máis continuado ralentizou as máquinas e optou por unha estratexia posibilista na que se combinaban a publicación de obras premiadas de autores novos (Emma Pedreira ou Xurxo Alonso) e máis a tradución. Efectivamente, co apoio do Goberno Balear, nunha conxuntura política na que este apostou de maneira decidida por dar a coñecer aos seus autores fóra, encargáronse as excelentes traducións de poesía que preparou Xavier Rodríguez Baixeras dos poetas baleares Costa i Llobera, Rosselló-Pòrcel e Miquel Àngel Riera. As de textos teatrais, que tamén as houbo, publicáronse na Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Maior. En realidade tratábase da segunda entrega destas características, porque xa no ano anterior se publicaran antoloxías doutros catro poetas das illas. Se as traducións non teñen chata, o feito de que se publicasen as tres ao tempo provocou unha certa saturación debido ao reducido número de compradores de poesía, que, por certo, non adoitan mercar traducións ao galego. Se fago esta incursión na tradución é para poder situar no seu contexto a crise pola que pasou a editora.

Os malos agoiros estiñaron na segunda metade do ano 2003 coa posta en marcha dunha nova estratexia. A publicación de títulos inéditos e autores novos aumentou, e ademais fíxose unha importante aposta coa publicación da obra poética de catro autores de importante traxectoria que andan arredor dos cincuenta anos (ou van en camiño): Manuel Rivas, X. M.^a Álvarez Cáccamo, Arcadio López-Casanova e Vítor Vaqueiro. Ao tratarse de poetas vivos, o volume tiña un atractivo suplementario, o de recoller a obra inédita recente, ou cisca da en publicación diversas. En *Do descoñecido ao descoñecido* Rivas recompila cancións compostas para Os Diplomáticos de Monte Alto, homenaxes (a Pucho Boedo, a Avilés de Taramancos...) e textos de combate (por cousa da guerra e a marea negra) baixo o título *Malabares e ourizos (colleita recente)*. Ademais, recupera un título escrito canda Xavier Seoane e hoxe imposible de atopar, *Anisia e outras sombras*, unha das achegas á poesía urbana e moderna coas que abriu a década dos 80 e que cómpre reler. Álvarez Cáccamo reuniu toda a súa obra co título *Ancoradoiro* e ameceu unha serie de poemas de circunstancia pero que recomendo ler: *Depósito*

natural, onde recolle os textos soltos de reivindicación e de homenaxe a escritores. Vaqueiro rexorde como poeta coa publicación desta obra poética, *Traxectorias*. Logo dunha paréntese que o ocupou como narrador e ensaísta, reaparece como poeta, iso si, e como reconece abertamente no prólogo, máis épico no seu poema longo *A fenda no horizonte* e, aínda que era unha constante nel, máis narrativo e argumentativo en *Teoría do coñecemento*, vinte e oito fragmentos que conforman un singular repaso polo coñecemento e a poesía como unha das súas formas.

De por parte, Xerais tamén abría un proxecto de obra poética reunida dentro dunha colección certamente heteroxénea, 'Alternativas', pero cun deseño ben doado de reconecer. Efectivamente, no 2003 elixíronse dous autores habituais no seu catálogo, por certo, ambos os dous traballadores intensos do soneto: Xosé Miranda recollía a súa obra n'*As cidades mergulladas* e Darío Xohán Cabana, quen ademais fixera o limiar no de Miranda, agrupaba os seus baixo o título *Vinte cadernos. Poemas 1969-2002*. Ambos os títulos viñan sumarse ao fenómeno das obras reunidas. A aparición tan seguida deste tipo de libros de autores que están de cheo, nalgúns casos, no mellor da súa produción abriu un debate sobre a necesidade deste tipo de obras (case)completas e as súas implicacións no proceso de canonización de autores relativamente novos e das súas poéticas, polo que implicaba de excesiva institucionalización nun momento no que era máis difícil a publicación de textos inéditos. Se cadra aquí cumpriría unha valoración sobre o mercado do libro de poesía, pois aqueles que se declaran non lectores adoitan preferir a escolma para lecturas de iniciación (a antoloxía convértese no instrumento) ou as obras reunidas para a lectura enciclopédica.

Novas coleccións á procura do mercado (elas e os clásicos)

Malia o peche dunha colección en Xerais e, sobre todo, o difícil trazo polo que pasou Espiral Maior, non todo eran malas novas. No ano 2002 apareceu unha nova colección, 'Arte de Trobar', auspiciada polo Pen Clube e Caixanova, dirixida por Luís Tosar e Helena Villar Janeiro, que xa nas dúas primeiras entregas demostraba a súa dobre intención:

antologar os clásicos e promover a poesía actual cun premio de importante dotación. O clásico elixido para marcar a rodeira foi Ramón Cabanillas en edición de Xesús Rábade Paredes. Non hai dúbida de que se acertaba elixindo un poeta tan prolífico e que tocou todas as cordas poéticas (lírica, social, épica...). Por certo, Cabanillas aínda está por estudar con vagar e rigor, e por fixar definitivamente (ou case) o seu corpus. O I Premio Caixanova 2002 foi *Dársenas do ocase (1999-2002)*, de Xavier Seone, unha colección de textos líricos, crepusculares e decadentistas de liña clara, nos que se abunda na beleza, no tempo e na nostalxia. Neste álbum salientan dúas seccións: as mariñas e as semblanzas de personaxes románticos (Friedrich, Curros, Rosalía, Chao...).

A nova dirección editorial de Galaxia tamén se notou na publicación de poesía. No ano 2003 revitalizou a súa colección 'Dombate', cun novo deseño, conforme a política editorial e de imaxe que bota a andar o novo director. Procuráranse libros coidados, atractivos, pensando en gañar lectores que estean interesados pola poesía actual (coa publicación de inéditos), mais tamén na reedición de libros esgotados ou que só están dispoñibles en edicións restrinxidas ou para expertos. Como acontecera na colección 'Poesía' de Xerais, abría unha autora, neste caso Yolanda Castaño, a poeta máis mediática da actualidade, c' *O libro da egoísta*, que axiña se converteu nun éxito de vendas (a imaxe da autora beneficiou moito a boa acollida), aínda que non foi tan ben recibido pola crítica, pois non supuña un avance na súa proposta. A liña de clásicos abriuse cun dos libros senlleiros do escritor das Letras dese ano, *As torres no ar* de Avilés de Taramancos. Naturalmente este non foi o único libro sobre o autor de Noia. Como adoita acontecer nestes casos, apareceron outras edicións da súa obra dirixidas a públicos diversos, entre as que cómpre destacar a edición crítica que Martín Veiga preparou dos *Cantos caucanos* (Xerais) e moi especialmente a *Obra poética completa* (Espiral Maior), que reúne toda a súa obra dispersa e inédita (de novo é nesta saqueta onde se atopa boa parte da poesía de compromiso do autor). A obra completa, cun limiar esclarecedor de X. M.^a Álvarez Cáccamo, reproducía ademais dúas pequenas xoias, as súas traducións de Saint-John Perse e Valéry.

Pero o fenómeno editorial destes dous anos, como xa se prevía no outono de 2001, foi a

publicación da colección 'Biblioteca Galega 120', que se vendía xunto co xornal *La Voz de Galicia*, unha iniciativa que se puxo en marcha conxuntamente coas principais editoras galegas. Aínda que se procurou unha importante presenza da narrativa polo seu carácter popular, arredor do vinte por cento do total eran reedicións de títulos de poesía máis algunhas escolmas encargadas para a colección, como os volumes editados por Luciano Rodríguez da poesía da segunda metade do século XX.

Premios

En xeral os premios máis importantes non deron demasiadas sorpresas e mostráronse conservadores. O Premio de Poesía Miguel González Garcés da Deputación da Coruña foi para *Eloxio da desorde* de Román Raña, un texto lírico de voz contida, e accésit para *O longo día acaba* de Lino Braxe. Os premios Esquíu tiveron sortes diversas. A edición XXI gañouna Manuel Forcadela con *Lámpada e medusa* e o accésit levouno María do Cebreiro cun texto que lle dá un xiro á súa traxectoria, (*Nós as inadaptables*). Pola contra, o premio da edición XXII quedou deserto e o accésit recaeu en *Fálame* de Antón Lopo. Para non ofrecer aquí un listado fatigoso, o resto dos premios citareinos cando me refira aos libros.

A marea de antoloxías e o laboratorio poético en rede

Como xa dixen, unha das liñas editoriais da colección 'Arte de Trobar' consiste en antologar clásicos, e nestes dous anos publicaron dous libros, o devandito de Cabanillas e mais un de Luz Pozo Garza, que nestes dous anos ten unha presenza moi destacada. A escolma de toda a súa obra galega titulouna *Historias fidelísimas* ('Arte de Trobar') e conta cun demorado limiar de Carmen Blanco; precisamente a estudiosa luguesa é a autora da súa biografía, *Luz Pozo Garza a ave do norte* (Linteo). Na escolma recóllense textos moi recentes, como *Iwerddon. Poemas gaélicos* e mais *Medea en Corinto*, unha defensa da muller que mata por amor. Este poema dramático publicouse en edición bilingüe galego-español en *Medeas. Versiones de un mito desde Grecia hasta hoy* (Universidade de Granada),

coordinada por Andrés Pociña e Aurora López, e logo como libro en Linteo. Finalmente, a propia autora fixo a selección dos textos de *Ribadeo Ribadeo* (Xunta de Galicia), o seu regreso á infancia.

Tamén a obra de Chus Pato foi obxecto dunha antoloxía bilingüe galego-español, *Un Ganges de palabras* (Deputación de Málaga), con edición e tradución de Iris Cochón, un traballo antolóxico riguroso e interesante. Fóxese da ordenación cronolóxica e a antoloxía convértese nun verdadeiro itinerario por unha poética moi singular que se resiste á antoloxía, aínda que Erin Moure conseguiu domar e *reducir* ao inglés o seu último poemario en *from m-Talá* (Nomados, Canadá). De por parte Chus Pato foi tamén a coordinadora doutra antoloxía distinta, en rede, *Xuro que nunca volverei pasar fame. Poesía escarlata* (Difusora de Letras, Artes e Ideas), con limiar de Antón Figueroa. Vinte e catro autores que forman parte das Redes Escarlata, un proxecto de pensamento e creación en rede no que participan autores de diferentes idades, seleccionan textos para publicalos conxuntamente. Ao ser unha antoloxía sen ningún tipo de nota biobibliográfica non hai mediación ningunha na lectura. Convídase, simplemente, a ler textos, os inéditos de autores tan coñecidos como Méndez Ferrín, Cordal Fustes, Antón Lopo, Chus Pato, Anxo Angueira..., onda outros de poetas menos coñecidos, algúns aínda inéditos, como Asun Arias, Oriana Méndez ou Iago Castro (que foi un dos catro gañadores do Premio de Poesía 2003 da Universidade de Vigo).

A conxunción de poesía e arte tamén deu lugar a dúas antoloxías. Antón Sobral coordinou *O trazo aberto. Poesías e debuxos* (Deputación de Pontevedra), onde se reúne obra gráfica e obra poética de moitos, moitos autores. Un libro distinto e case sen parangón onda nós é *O libro dos abanos. Palabras no aire* (Follas Novas), editado por Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña, con limiar de Anxo Tarrío e mais a reprodución dun texto de Filgueira Valverde escrito para unha exposición de abanos literarios de 1922. O libro-cátalo recoleu os textos e as imaxes da exposición producida por Galería Noroeste que se puido visitar en Compostela no verán de 2002. Propúxoselle a trinta e cinco poetas de todas as idades e estilos que escribisen nun abano, e os resultados son moi interesantes porque o cambio de soporte inflúe moito no texto final: hai abanos ilustrados, conceptuais, pictóricos ou simplemente escritos. Hai algunhas pezas magníficas.

Finalmente, non se pode pechar este repaso sen facer mención ás varias publicacións de solidariedade feitas co gallo da marea negra, sen dúbida o desastre que máis conmoveu a sociedade galega e que propiciou innumerables redes creativas de concienciación e denuncia. Estas redes conforman xa un dos fenómenos máis singulares do percorrido cultural do século XXI, pois é difícil que se volva repetir este estado de creación crítica e colectiva mantida durante tantos meses, no que o máis interesante non son os libros senón as innumerables accións e intervencións (e intervir é transformar) que mantiveron a cultura galega nunha actividade infatigable e que chegou a toda Galiza. Publicáronse tres libros colectivos: *Alma de beiramar* (Asociación de Escritores en Lingua Galega e A Nosa Terra), *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (Espiral Maior e Xerais), *Sempre Mar* (Asociación Benito Soto, Burla Negra) e mais o trilingüe *Nunca máis. Si tots nosaltres som la mirada i el vent* (Plataforma Nunca Máis de Cataluña).

Luís Rei Núñez, que na súa escrita e na súa vida sempre está debuzado no mar, publicou un dos primeiros libros individuais despois do desastre do *Prestige*, pero nel non hai só chapapote senón o mar como espazo, como presenza e como emprazamento do eu. Semella que o libro sexa en realidade un proxecto moi traballado e anterior, que engade o ton cívico, co que se salva da poesía panfletaria. De feito unha das temáticas recorrentes deste anos é o mar, como espazo e paisaxe inevitables. Formalmente combina a estrofa breve e o endecasílabo (por veces emprega outros versos curtos, de 5, 7 ou 9 sílabas) coa prosa. Así e todo, poida que o libriño máis singular pola rareza do formato (un caderniño dentro dun sobre) sexa o *In Other Waves / Noutras ondas*, de Xelís de Toro, un poema-relato da vida dun home explicada pola súa relación co mar.

Dixo Carlos Santiago que a poesía galega de hoxe non a hai que procurar nos libros, senón na rúa, nos pubs, nas intervencións. Desde o movemento de denuncia contra a marea negra aquela procura da oralidade e da comunicación directa está máis viva ca nunca e procurando vertentes máis escénicas, de tal maneira que converxen nos mesmos espazos poetas e narradores orais. Converte o pequeno formato nos mesmos lugares, se cadra como evidencia dunha crise do mercado cultural (nestes anos falouse moito da crise editorial e os

escritores, tanto poetas como narradores, preguntándose moitas veces se escribían para un público ou falaban no deserto). E como a precariedade obriga á esculca, deste estado de cousas poden xurdir propostas innovadoras. Mentres, estas antoloxías son o rastro destas indagacións no soporte, na comunicación permanente entre creadores, no compromiso coa realidade e coa nación, e coa complicidade cos lectores. Pero o laboratorio poético en rede (cos artistas en conexión) non se pode reducir aos libros individuais.

O xénero, estratexia editorial

Argumentos hai a favor e en contra de valorarmos en eira de seu a produción das mulleres, así e todo, contra a sensación de normalidade aparente, e malia o risco dunha certa guettización, considero que neste tipo de panorámica debe abrirse un apartado para tratar o xénero como emprazamento autorial. E deféndoo porque na actualidade tanto a crítica como os lectores recoñecen unha produción diferenciada das mulleres, que troca as regras do imaxinario ata tal punto que, como indicaba ao comezo desta panorámica, as coleccións que abiron andaina nestes dous anos decantáronse nas súas primeiras entregas por unha contundente presenza feminina: Yolanda Castaño, Marilar Aleixandre, Emma Couceiro, Luz Pozo; catro poetas e catro poéticas diferentes que xa comentei. O que comeza como fenómeno nos 90 convértese a comezos de século case nunha estratexia editorial obrigada, poñendo en evidencia que a poesía galega actual se sustenta na presenza esmagadora delas; mesmo cando Espiral Maior dá mostras de recuperación coa publicación conxunta de catro autoras de promocións diferentes: M.^a do Carmen Kruckenberg, Xela Arias, Marta Dacosta e Antía Otero. E, curiosamente, ningún dos libros publicados acadara premio ningún.

E o xénero, localización autorial e tema

Xela Arias finou, e custou de crer, ao pouco de publicar *Intempériome*, o seu proxecto máis arriesgado. Nel procédese á demolición da linguaxe, co emprego agramatical dos pronomes, das relacións sintácticas. Enúnciase esta memoria de derribos desde a estranxeiridade e por iso a voz poética que

abre o libro se sitúa na alteridade: negra, apastada pola sida. Se a reflexión e a reivindicación noutros poemarios anteriores eran moito máis figurativas, agora vólvese cara á materia que conforma a poesía e o pensamento. Situada tamén na alteridade, n'*As amantes de Hamlet* Marta Dacosta ofrece unha galería concienciada de mulleres e figuras femininas. A reescrita é unha das estratexias fundamentais da segunda (e aínda da terceira) onda feminista, para constatar a alteridade feminina e definila. Reescríbense mulleres anónimas, sobre todo Ofelia e unha Penélope navegadora que fai evidente o diálogo con Xohana Torres. Curiosamente con esta mesma proposta de reescrita do xénero acadou o VII Premio de Poesía Johán Carballeira Carlos Negro. *Héleris* (Espiral Maior) é un poemario narrativo no que se repasa a vida dunha Helena e dun París anónimos na Galiza da posguerra, e serve para pór un contrapunto no desexo xestionado como cativerio, isto é, o matrimonio como institución obrigatoria do que ambos os dous gozan e acaban por ser vítimas. Tamén o primeiro libro de Antía Otero, *O son da xordeira*, como o de M. Dacosta, escribe unha procesión concienciada de representacións femininas que avanza do nosoutras ao eu e inclúe unha homenaxe a un poema de Chus Pato, en *Uránia*: “Pela as patacas / do mesmo xeito / que se arrincaría / a pel dos dedos”. Reescribir é unha maneira de manter o diálogo creativo. Finalmente, nesta recuperación editorial Espiral Maior publicou un libro de M.^a do Carme Kruckenberg. Despois daquela *Obra poética case completa* (2000) pareceu coller pulo e reapareceu con *Lembranzas da beleza triste*, unha mirada cara a atrás pero, sobre todo, unha reflexión sobre a escrita que pon un cabo á súa obra reunida.

De entre as autoras novas, os libros máis salientables son os de María do Cebreiro, Estíbaliz Espinosa, María Reimóndez e Emma Pedreira. María do Cebreiro gañou o accésio do Premio Esquíu co seu segundo poemario, (*Nós as inadaptadas*). Con el sorprende pola súa aposta épica e reflexiva, na que consegue que conflúa unha intertextualidade mesta pero moi ben dixerida (esta xa era unha característica do seu primeiro libro), adobiada con outra marca poética que a diferencia: a mestura de rexistros (da salmodia épica á canción popular, dos grandes personaxes ás figuracións case frívolas e banais). Xa desde o título o libro explica a clave: unha parodia (sería, iso si) dun texto fundacional

do nacionalismo galego, escrito por Risco, pero re-escrito desde a alteridade, en feminino. É certamente resulta un contrateixo poético pois a poesía, en tanto que domadora e creadora da linguaxe, convértese na area do combate do xénero (léanse especialmente os textos de “Terceiro Canto”). Estíbaliz Espinosa publicou —*orama* (Tambo), que semella unha exhibición de vistas nas que xoga a romper conceptualmente o verso e apreixar a poesía. Preséntase como unha sucesión de imaxes, como fotogramas e mais como un dicionario. Nunha das series do libro, o eu lírico feminino explícase por personaxe interposto, a Bela Dormente, que serve para explicar a outras belas históricas, lendarias e cinematográficas.

María Reimóndez, coñecida como tradutora e como autora de crónicas na India, publicou o seu primeiro poemario, *Moda galega* (Positivas), un poemario lixeiro e moi vigués (coma un paseo polas rúas da moda) no que a deconstrución da tiranía da moda procura a destrución dos moldes ideolóxicos que limitan ás mulleres (animo a facer estes percorridos urbanos co libro no peto). Moito máis densa é Emma Pedreira, que fai unha proposta moi persoal c’*Os cadernos d’amor e os venenos* (Espiral Maior), gañador do Premio de Poesía Centenario Fermín Bouza Brey. Nel demostra algo que xa se albiscaba nos seus libros anteriores: o tránsito cara a un lugar fronteirizo entre a poesía e a narrativa. Mantén intacta a localización no corpo, unha presenza constante na súa obra. Para ela o corpo é a toma de conciencia, a materialización da outridade, o territorio e o texto de seu. A experimentación formal de E. Pedreira haina que situar á altura da Emma Couceiro. O tránsito que vai do corpo á moda é o mesmo que vai da esculca no eu deica á imaxe que se proxecta do eu, pero tamén a imposicións que cinxen o corpo e, polo tanto, as persoas.

Fóra de colección apareceu unha nova autora. Asun Arias, da que se coñecían textos soltos, estréase cun libro de factura singular. *Muller de vidro* (libro de autor) publícase en tapa dura e cunha impresionante mostra da obra gráfica de Pablo Otero ‘Peixe’, ben coñecido como ilustrador de libros infantís. Xa que logo ten o aspecto dun poemario-catálogo. Nel recolle textos diversos sobre a condición feminina, algúns con humor, mais os que tratan do desexo son os máis impactantes. Outros libros escritos por mulleres son: *Lenzo das madrugadas* (Follas Novas), de Medos Romero sobre o seu

territorio emotivo e vital, e *Cando as luces rebentan o silencio* (3C3), o primeiro libro do colectivo poético Novas Verbas, formado por Lorena Peillet, Lupe Oroña, Anet Beiro, Rosa Lois e Silvia Mariño.

Eles: a narratividade e, tamén, a oralidade

No que levamos visto nesta panorámica xa se bota de ver que a narratividade segue a ser unha das vías polas que discorre a poesía actual. Moitas veces nos temos referido a esta cuestión, que ocupa boa parte do xénero desde os anos 90. De caderno a caderno chegamos a Estevo Creus, que acadou o Eusebio Lorenzo Baleirón, co seu *Caderno apócrifo da pequena defunta*, un poemario de ton inxel e saudoso, relatado en verso curto e primeira persoa feminina; como el di, un territorio de aparencias. E tamén a Frank Meyer, autor de *Caderno a destempo* (Follas Novas) e *Resumo da despedida* (Franka Editora), dous poemarios do cotián nos que o erotismo ten un importante protagonismo, especialmente no segundo, no que en primeira persoa se fala do desarraigamento do estranxeiro (léase a acusación no poema “triste país gris”). Estevo Creus segue a ser unha das voces mellor diferenciadas da poesía actual, coa proxección do interior máis cru do ser humano nunha poesía cinematográfica, narrativa e ateigada de imaxes, que pide a lectura seguida. Con *Decría* (Espiral Maior) Creus gañou o Premio Fiz Vergara Vilariño.

Antón Lopo en *Fálame*, accésit do Esquíu, sorprende pola viraxe poética, marcada por unha infatigable procura da comunicación permanente, do diálogo. O texto nace dun proxecto de poemario oral, *Prestidixitador*, que se escenificou en Compostela, Madrid... e mais un texto de vídeo-poesía que, non se esqueza, escribiu inmediatamente despois de *Ganga*. Neste texto batemos coa oralidade levada ao extremo: hai poemas como diarios, outros como dicionarios poéticos e, finalmente, moitos deles son poemas en conversa. Lopo, infatigable experimentador, é hoxe un poeta que rompe coas barreiras das artes, e o único que acertou a crear desde a oralidade e a concepción escénica (e non a usala como outro soporte ou ilustración do escrito no libro).

Avantar nos camiños abertos

A poesía medida ofrece tamén algúns títulos e o regreso de dous autores claves na versificación.

Xavier Rodríguez Baixeras ofrece unha coidada colección de sonetos en *Francesca* (Deputación de Pontevedra) e mais Manuel Forcadela, que demostra a súa mestría no dominio do alexandrino en *Lámpada e medusa*, co que gañou o XXI Premio Esquíu. Neste mesmo tipo de verso recunca Alexandre Nerium en *Vogar de cose* (Espiral Maior), que acadou o Johán Carballeira cun poemario situado no mar, escrito en series de cinco quintetos nos que salienta sobre todo o traballo co léxico mariño. Tamén no mar, como Rei Núñez, se sitúan outros poetas como Xurxo Alonso, que se estrea con *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (Espiral Maior), e X. H. Rivadulla Corcón, que tamén sitúa no mar un lírico *Taberna á deriva* (Espiral Maior). Pero quen escribe a paisaxe cunha certa ironía e moita intertextualidade é Xabier López Marqués en *Das paisaxes esquecidas* (Noitarenga).

Manuel Álvarez Torneiro regresa á memoria en *Epicentro* (Tambo), un libro de factura contida, demorado no detalle e de grande calado lírico. Ademais homenaxeou a Avilés de Taramancos nun libro de edición limitada, *A lámpada perpetua* (IES Virxe do Mar, Noia), e publicouse unha escolma da súa obra n' *Os reinos do fulgor: antoloxía esencial (1982-2002)* (Deputación de Pontevedra). Xulio Valcárcel reaparece, infatigable, en *Casa última* (Espiral Maior); nel, como en Marilar Aleixandre, a casa serve para falar do territorio e das emocións herdadas e, polo tanto, para escribir as estirpes. Finalmente Xosé Lois Rúa acadou o Premio Cidade de Ourense con *Elexías do Camba* (Espiral Maior), unha mirada saudosa a unha terra asolagada polo encoro de Portas.

Finalmente cómpre salientar unha poesía máis urbana e menos lírica. Alberto Avendaño, que formara parte de Rompenpe, publica *Texas* (Galaxia), un poemario na fronteira cultural, en territorio de mestizaxe onde as identidades se fusionan e o espazo que se habita é realmente o far-west; poesía tex-mex á galega. Tamén desde os Estados Unidos chega un libro erótico, de Francisco Álvarez 'Koki', *Para abril e amantes* (Tambo). Edicións Positivas, tradicionalmente unha colección da experimentación e da innovación, publica esta vez dous textos máis convencionais nos que se constata o fracaso e a ruína (o de Serxio Iglesias, *Métodos para afogar un cisne*, o de Xosé Luís Mosquera Camba, *A tensa calma da catapulta*) e mais unha reescrita posta ao

día de poemas latinos, *Verba quae supersunt* de Raúl Gómez Pato.

Reedicións

Como xa indicaba ao me referir ao abalo-devalo do mundo editorial, a publicación de obras reunidas é o máis destacado do ámbito das reedicións, pero, naturalmente, mantívose a produción de edicións críticas. Dentro da xa clásica Biblioteca das Letras, Xerais publicaba a edición *Ao pé de cada hora e Tempo de Compostela* de Salvador García-Bodaño, preparada por Iria Sobrino, unha edición revisada polo autor na que fai pequenas correccións aos textos publicados anteriormente na súa *Obra poética* (1993); por certo, que en edición non venal Bodaño publicou o seu poemario máis recente, *Cidade virtual* (Biblos), unha nova mirada sobre a paisaxe urbana. Na mesma colección de Xerais aparece a edición de *Indo pra máis perto. A señardade do puño*, de Alexandre Criebeiro ao coidado de Miro Villar, e mais *Os calaicos. Mágoas. Follas ao vento*, de Florencio Vaamonde, editado por Isabel Seoane. Outras reedicións que paga a pena citar son: *Derradeira escolma ferida* (Xerais), de Lueiro Rey, preparada por Ramón Nicolás, e, en Follas Novas, *Poesía galega completa* de Evaristo Correa Calderón, ao coidado dun especialista neste autor, Xulio Pardo de Neyra, e mais *Calados esconxuros* de Antón Tovar.

Desde o punto de vista histórico, sen ningunha dúbida a edición máis interesante é a d' *A Virxe do Cristal. Lenda de Curros Enríquez axeitada para ópera*, na que se recupera o libreto inédito de Ramón Cabanillas de 1924, e mais unha teatralización da mesma lenda publicada en Bos Aires en 1948, da que se encargou Roxelio Rodríguez Díaz. A edición conta cun demorado estudo de Manuel Ferreiro e Goretti Sanmartín sobre o contexto teatral e as motivacións da adaptación de Cabanillas así como un estudo ecdótico do texto. Así mesmo, recuperáronse dous autores do século XX: Alonso Girgado e Carme Fariña editan o *Vento segrel* (Xunta de Galicia) de Augusto M.^a Casas e o mesmo Girgado, con Teresa Monteagudo, unha escolma poética do galego cubano José Rubinos, con estudo preliminar e outra documentación, *Cantigas, fábulas e outros poemas* (Libros da Frouma). Finalmente cómpre citar a edición bilingüe preparada por Vicente Araguas e César Antonio

Molina da *Poesía en gallego completa* de Álvaro Cunqueiro (Visor), e que, ao estar en español, precisaba dun limiar un chisco máis amplo.

Cabo

O mundo editorial declarou nestes anos que estaba a vivir un tempo de profunda crise: as vendas baixaban, constatouse a falta de público e, ao tempo, tiveron lugar importantes cambios nas coleccións de poesía, que, así e todo, compartiron unha estratexia común na procura de novo público: chegar ao lector enciclopédico e siareiro e captar ao público máis novo. Nestes dous anos salienta a proliferación de obra reunidas de poetas de certa idade (se cadra non tanta), que se sumou á normal publicación de antoloxías dos autores clásicos. Xa que logo, pódese falar dun exceso de institucionalización que pode marcar moito a recepción, porque os lectores de obras *case completas* len máis virados cara ao pasado que en debate co presente. O outro trazo rechamante destes dous anos foi, sen dúbida, a aposta polas autoras como baza de modernidade. De novo a visibilidade delas despraza a un segundo lugar a produción deles. A escrita das poetas, tan diferente entre si, mesmo oposta ideoloxicamente e na maneira de presentarse no mercado cultural, converteuse insospeitadamente en estratexia de mercado, algo pouco frecuente nas literaturas que nos rodean. De feito o tipo de mulleres escritoras polas que se aposta fóra son narradoras e son máis apoiadas aquelas que escriben literatura *branda* (aínda que en aparencia sexa moi provocadora). Esta literatura, presentada como subxénero, dispónse para o consumo popular por parte de mulleres (elas xa non se conforman só coas doses de literatura sentimental) ou para ofrecerlles aos lectores pímulas didácticas da diferenza e da provocación. Por suposto sempre hai *outras* escritoras, aquelas que non sucumben ás *gramáticas* herdadas e que por regra xeral seducen menos ao (patriarcado) xestor. Por iso a literatura galega resolve a presenza de voces de maneira singular, e poida que este sexa un dos trazos máis rechamantes da poesía galega actual, onde as voces femininas son mellor aceptadas e ocupan posicións centrais no repertorio común (claro que algunha vez os índices de vendas caen seducidos diante de produtos poéticos). A presenza das mulleres, a narrativa, a cada vez

menor presenza do verso medido, o protagonismo do mar seguen a ser as características da poesía de comezos do século XXI. Fóra diso, o ano 2002 e 2003 son épocas de cambio e de manipulación da poesía no laboratorio.

Os que escriben poesía din que algo está a mudar. A ver se algo se resolve na vindeira panorámica ■